

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en virtude do presente anuncio notifica a Susana González Morales a resolución antes referida.

A recorrente pode recoller a respectiva resolución mediante comparecencia nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano s/n, 1-3º, Santiago de Compostela), no prazo de dez días contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra a referida resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer a interesada recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa comparecencia para recoller a resolución, ou ao do transcurso do prazo previsto no parágrafo anterior sen que a interesada compareza, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8 e 14.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2009.

José María Barreiro Díaz  
Director Xeral da Función Pública

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de frauta travesa (594410) e tuba (594429).*

Primeiro.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para:

1. Corpo de profesores de música e artes escénicas:

| Especialidade  | Titulación*  |
|----------------|--|
| Frauta travesa | Os titulados de profesor superior terán preferencia sobre os titulados de profesor do plan do ano 1966 aínda que o baremo sexa inferior.<br>1º Título de profesor superior.<br>2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).<br>Ambos os dous do instrumento correspondente. |
| Tuba           | 1º Título de profesor superior.<br>2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto).<br>Ambos os dous do instrumento correspondente.   |

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/profesorado> (interinos-substitutos/convocatorias) apertura de listaxes de substitutos, Servizo de Secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-*Comisión baremadora.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-*Requisitos dos candidatos e candidatas.*

a) Estar en posesión da titulación que se sinala no punto primeiro deste anuncio.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente.

A superación deste curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.

O baremo de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos